

Disección dunha flor

Diseca e describe as diferentes partes dunha flor para adestrar as túas habilidades de observación.

Materials

- Flores (unha flor relativamente grande e sinxela como un lirio, unha Alstromeria ou un gladiolo é un bo punto de partida, pero todas as flores son interesantes)
- Tesoiras
- Folla de afeitar ou bisturí
- Lente de man ou microscopio de disección
- Papel e lapis para debuxar e anotar

Para facer e observar

Examina a túa flor intacta. Que é o primeiro que observas na flor? Que é o que atrae os teus sentidos? Cal cres que pode ser a función das estruturas que observas? Fíxate en como están conectadas as diferentes estruturas co talo da flor. Debuxa o que ves, se che serve de axuda.

Retira con coidado os pétalos da flor (podes utilizar unhas tesoiras ou arrincar os pétalos con suavidade). Probablemente notarás que o centro da flor contén longos filamentos. Utiliza a lupa ou o microscopio para examinar os filamentos.

Coa colaboración de:

Todos os filamentos se parecen entre si, ou vense diferentes? Son iguais de arriba a abaixo? Debuxa e describe as diferentes estruturas que vexas.

Cales crees que poden ser as funcións das diferentes estruturas que observas?
Como poden interactuar estas estruturas?

Retira os filamentos e examina a estrutura inchada que queda. Utiliza un coitelo ou un bisturí para cortala pola metade, xa sexa ao longo ou ao ancho. (Se tes dúas flores, corta unha ao longo e outra ao ancho). Examina o interior cunha lupa ou un microscopio. Que observas? Que pode ser isto?

Coa colaboración de: